



sanroque

DESDE 1698

As festas que queremos



Que, volvemos?

11:59

Volvemos💪💪💪!

12:00 ✓

DECLARADAS DE INTERESE TURÍSTICO NACIONAL
PROGRAMACIÓN I XULL-SET 2022

Concello de
Vilagarcía





de Arousa

O noso agradecemento a todas as institucións, empresas, colectivos e persoas particulares que, co seu apoio e colaboración, fixeron posible as festas que todos queremos.


Patrocinador principal:



Outros patrocinios:



Colaboran:



Edita

Concellería de Cultura
Concello de Vilagarcía de Arousa

Alcalde

Alberto Varela Paz

Concelleira de Cultura

Sonia Outón Casal

Realiza

Área de Comunicación Social

Imprime

Gráficas Anduriña

Depósito Legal

PO 492-2022

NOTA: Este programa pode ser obxecto de modificacións.

Calquera novidade será publicada diariamente nos medios de comunicación locais e na web municipal www.vilagarcia.gal



Concello Vilagarcia de Arousa



vilagarciaviva

Volvemos 🍷🍷🍷!



Despois de dous anos véndonos na necesidade de festexar o noso San Roque coas limitacións que a ditosa pandemia nos impuxo, por fin chegou o día. As festas patronais regresan este ano a Vilagarcía en toda a súa esencia, con todo do que "o bicho" nos privou. Volven os actos multitudinarios que enchen de vida e alegría as nosas rúas: a Festa da Auga, o Combate Naval, o desfile de Carrozas. Volven os brincos e os bailes pegados en concertos e verbenas. Volven os encontros coa familia e cos grupos de amigos sen límites de aforo. Volve o noso San Roquiño a bailar ao son do pasodobre "Triunfo".

En definitiva, volve todo aquilo que fai que unha festa teña alma e sexa unha verdadeira celebración: a proximidade coa xente, o contacto que nos fai humanos, o poder compartir cos seres queridos os momentos de sosego, de relax e de ledicia, os sorrisos sen máscara e os reconfortantes abrazos. Por fin volveremos a celebralo xuntos.

Son dos que pensan que de toda mala experiencia se pode, é máis, se debe, sacar algo positivo. Por iso, tendo presentes os últimos dous anos, coido que esta vez imos saber apreciar o verdadeiro valor das nosas festas e ímolas a saborear, a espremer, a vivir e a gozar máis e mellor que nunca. Con ese obxectivo temos confeccionado o programa de San Roque 2022. Para que toda a veciñanza de Vilagarcía e todas as persoas que nos visitan estes días sexan felices e compartan esa ledicia. Con sentidiño, iso sempre, pero a tope!

A large, stylized handwritten signature in black ink, consisting of several loops and a long horizontal stroke.

Alberto Varela Paz

Alcalde de Vilagarcía de Arousa



SÁBADO 23 XULLO

22:30 a 02:00 – Rúas e prazas da cidade

Noite das Meigas

A partir das 22:30 horas, as asociacións de Vilagarcía que se enumeran a continuación atenderán nove pallozas distribuídas polas rúas, nas que servirá queimada e se acompañará a degustación viandas. Ás 00:00 horas, na praza de Galicia, realizarase o conxuro a cargo de Clámide.

- O NOSO LAR
Avenida da Mariña
- ASOCIACIÓN FONTEFRÍA DE GUILLÁN
Praza da Independencia
- TALLER DE TEATRO CLÁMIDE
Praza de Galicia
- A CANTARELA
Rúa Castor Sánchez
- ASOCIACIÓN PROTECTORA
DE ANIMAIS DE VILAGARCÍA
Xardín da Praza de España
- ZONA ABERTA
Rúa Baldosa
- CANTAREIRAS BULIDEIRAS
DE FONTECARMOA
Praza de Galicia
- OS REMOLÓNS
Rúa Castelao
- OS DE SEMPRE "PEÑA JUNQUERA"
Praza do Castro



21:00 – 00:30 – Praia da Concha

Ás 9 na praia
Señora DJ

Arranca unha nova edición das sesións chill-out na praia da Concha ao solpor. Ata o 3 de agosto, concertos de pequeno formato e sesións dj encherán de boa música as noites en Vilagarcía.

DOMINGO 24 XULLO

21:00 – 00:30 – Praia da Concha

Ás 9 na praia
Mallou

LUNS 25 XULLO

21:00 – 00:30 – Praia da Concha

Às 9 na praia

Moe DJ

MARTES 26 XULLO

21:00 – 00:30 – Praia da Concha

Às 9 na praia

Blues do País

MÉRCORES 27 XULLO

21:00 – 00:30 – Praia da Concha

Às 9 na praia

Kris K DJ

22:30 – Praza da Liberdade (Carril)

Cine na Rúa
O Gran Camiño



Pacific Crest Trail, un dos carreiros máis extremos dos EEUU, o misterioso Camiño Inca a Machu Picchu, o ancestral roteiro de Kumano Kodo entre grandes templos xaponeses ou o europeo Camiño de Santiago, non son máis que unha escusa para unha viaxe máis profunda ao encontro da xente dos camiños, cos que se tratan temas universais como as fronteiras, o amor e o sacrificio.

Xénero: documental. Duración: 82 min.
Público: + 7 anos.

XOVES 28 XULLO

21:00 – 00:30 – Praia da Concha

Às 9 na praia

TNT Band

VENRES 29 XULLO

21:00 – 00:30 – Praia da Concha

Às 9 na praia

Carlos Crespo

22:30 – Parque da Xunqueira

Cine na Rúa

A Todo Tren. Destino Asturias

Cando Ricardo decide levar ao seu fillo a un campamento en Asturias en tren nocturno, outros pais pídenlle que leve tamén a varios dos seus fillos. Con todo, non contan con que no último minuto lles acompañe Felipe, avó de dous dos nenos, un tipo extravagante e irresponsable. Cando o tren arrinca sen Ricardo nin Felipe, pero cos nenos sós dentro, comezará unha disparatada persecución por parte do pai e do avó para alcanzar ao tren, e unha aloucada viaxe por parte dos nenos.

Xénero: comedia. Duración: 88 min. Público: + de 7 anos.

SÁBADO 30 XULLO

21:00 – 00:30 – Praia da Concha

Às 9 na praia

Aamigafea

DOMINGO 31 XULLO

21:00 – 00:30 – Praia da Concha

Às 9 na praia
DJ Maefield

LUNS 1 AGOSTO

21:00 – 00:30 – Praia da Concha

Às 9 na praia
Gramola

21:30 – Salón García



Semana de Cine – Cine Club Ádega

Proxección: Alcarràs

Durante xeracións, a familia Solé cultiva unha gran extensión de melocotoneiros en Alcarràs, unha pequena localidade de Cataluña. Pero este verán poida que sexa a última colleita...

Xénero: drama. Duración: 120 min.

Venda de entradas: no Salón García a partir das 19:00 h. o día da proxección ou na web: www.cineclubadega.com

Prezos: socios anuais, de balde; socios por 1 día/sesión, 4€.

+ info: <https://www.cineclubeadega.com>.

MARTES 2 AGOSTO

18:00 – Parque da Praia da Concha

Festival Mundial de Ilusionismo de Galicia
Maxia na rúa

Magos e magas de primeiro nivel e cunha longa traxectoria percorreren máis de 100 localidades galegas durante o verán, e unha das súas actuacións será en Vilagarcía!

Duración: 50 min.

+info: <https://galiciailusiona.es>

GALICIA
ILUSIONA





20:30 – 22:30 – Salón García

Semana de Cine – Cine Club Ádegas

20:30 Encontro con cineastas (Galicia)

Margarita Ledo – O Camiño do Cinema Galaico-Portugués.
Un diálogo aberto coa directora da proxección para
coñecer e entender mellor a súa ollada artística.

Entrada de balde ata completar aforo .

21:30 Proxección: Nación

Coa presenza da directora Margarita Ledo.
A través das enérxicas e carismáticas mulleres da fábrica
de cerámica da Pontesa, a directora constrúe un relato
dunha loita inconclusa.

Xénero: documental. Duración: 92 min.

Venda de entradas: no Salón García a partir das 19:00 h. o
día da proxección, ou na web: www.cineclubadega.com.

Prezos: socios anuais, de balde; socios por 1 día/sesión, 4€.

21:00 – 00:30 – Praia da Concha

Ás 9 na praia

DJ Garrido



22:30 – Praza Rafael Pazos. Vilaxoán

Cine na Rúa

Pokemon: Detective Pikachu

O detective privado Harry Goodman desaparece misteriosa-
mente. Tim, o seu fillo, debe pescudar que sucedeu. Na
investigación axúdao o antigo compañeiro Pokémon de
Harry, o Detective Pikachu. Ambos unen forzas nunha
aventura para desvelar o misterio enmarañado.

Xénero: animación, acción, aventuras. Duración: 104 min.

Público: Familiar.



MÉRCORES 3 AGOSTO

20:30 - 23:30 - Rúa García Caamaño

Semana de Cine – Cine Club Ádega

20:30 Foro/charla sobre novos camiños do cinema galego.

22:30 Proxección: Garras humanas

Alonzo é unha das atraccións do circo xitano de Zanzi. Aínda que é manco, lanza hábilmente cos pés coitelos contra Nanon, a bela filla de Zanzi, quen se sente moi a gusto con él, alguén que non é quen di ser...



Contaremos con banda sonora en directo interpretada por Fuzzo, formación que reúne a tres estrelas da escena do jazz galego: Virxilio da Silva na guitarra, Xan Campos nos teclados e Chus Pazos na batería.

+ info: <https://www.cineclubeadega.com>.

21:00 - 00:30 - Praia da Concha

Ás 9 na praia Broken Peach

XOVES 4 AGOSTO

21:30 - Salón García

Semana de Cine – Cine Club Ádega

Proxección: La Peor Persona del Mundo

Julie vai cumprir os trinta e a súa vida é un desastre existencial. Tras desperdiciar parte do seu talento co seu noivo Aksel, un exitoso novelista gráfico maior que ela, coñece nunha festa ao novo e encantador Eivind. Embarcarse nunha nova relación para cambiar a súa vida, pero pronto se dará conta de que hai cousas que xa chegan tarde...

Xénero: romance. Duración: 128 min.

Venda de entradas: no Salón García a partir das 19:00 h. o día da proxección ou na web: www.cineclubadega.com.

Prezos: socios anuais, de balde; socios por 1 día/sesión, 4€.



VENRES 5 AGOSTO

11:00 – 14:00 | 18:30 – 22:30 – Praza da II República

Feira de oportunidades. Expoferta Zona Aberta

Organiza: Asociación de comerciantes Zona Aberta.



Salón García

Semana de Cine – Cine Club Ádega

20:30 Encontro con cineastas (Portugal).

Isa Catarina Mateus (Direct. Fed. cineclubs portugueses).

Entrada de balde ata completar aforo.

21:30 Proxección de curtametraxes portuguesas.

Venda de entradas: no Salón García, a partir das 19:00 h. o día da proxección, ou en www.cineclubadega.com.

Prezos: socios anuais, de balde; socios por 1 día/sesión, 4€.

+ info: <https://www.cineclubeadega.com>

SÁBADO 6 AGOSTO

11:00 – 14:00 | 18:30 – 22:30

Praza da II República

**Feira de oportunidades.
Expoferta Zona Aberta**

Organiza: Asociación
de comerciantes Zona Aberta.

Parque da Xunqueira

**Poesía na rúa – CXXIV
Mesa das Verbas**

**19:00 Conferencia de
Xesús Alonso Montero:**
o nome e a obra de A.
Machado no tempo da
ditadura franquista.

**20:00 Recital
poético.** Colabora:
Grupo Folclórico e
Pandeireteiras da
A. C. Nós de
Sobradelo.



22:30 – Praia da Concha

Semana de Cine – Cine Club Ádega

Praia de Cine: "The Blues Brothers"

Cando Jake Blues sae do cárcere, agárdoo o seu irmán Elwood, quen lle informa de que o orfanato de Santa Elena, o único fogar que coñeceron, corre o perigo de desaparecer por razóns económicas. Sen dubidalo, os irmáns tentan salvalo.

Xénero: comedia. Duración: 132 min.

+ info: <https://www.cineclubeadega.com>.



22:30 – Parque do Piñeiriño

Cine na Rúa Valentina

Valentina soña con ser trapecionista, pero cre que nunca poderá conseguilo por ter síndrome de Down. A súa avoa animaa sempre a perseverar: Se as eirugas conseguen converterse en bolboretas, nada é imposible.

Premio Goya á mellor película de animación 2022.

Xénero: animación, aventura. Duración: 70 min. Público: familiar.

DOMINGO 7 AGOSTO

11:00 – 14:00 | 18:30 – 22:30 – Praza da II República

Feira de oportunidades. Expoferta Zona Aberta

Organiza: Asociación de comerciantes Zona Aberta.



MARTES 9 AGOSTO

22:30 – Campo da Festa de Cornazo
Cine na Rúa
Cuñados

Unha comedia sobre as peripecias delituosas de tres cuñados unidos polo azar e embarcados nun plan disparatado para salvar o que máis queren: a familia.
Xénero: comedia. Duración: 90 min. Público: + de 7 anos.


XOVES 11 AGOSTO

20:30 – Praza Ravella
Pregón a cargo de Xoanqui
Ameixeiras

Será traducido simultaneamente en lingua de signos.

21:00 – Praza de España
Ofrenda Floral ao santo

Agrupacións sociais, culturais e musicais participarán nun desfile que culminará diante da igrexa parroquial, onde farán a súa ofrenda floral ao patrón. Sairá do Concello e continuará pola avda. Juan Carlos I, os xardíns de Ravella, a rúa Ramón y Cajal, a praza de Galicia, a rúa Castelao, a rúa Xeneral Pardiñas, a rúa Covadonga e finalizará na praza de España.





23:00 – Parque da Xunqueira

Concerto:

La La Love You

Unha banda que está a facer historia dende que en 2020 logrou alzarse co Premio MTV EMA a Mellor Artista Español. En marzo de 2021 resultaron galardoados como Artista Revelación nos Premios Odeón, os máis importantes da música española, e, en decembro do 2021, recibiron o Dobre Disco de Platino por “El Fin del Mundo”, canción que se publicou a principios do 2020 e con certo aire premonitorio no seu título.

VENRES 12 AGOSTO

20:30 – Rúas da cidade

Pasacalles

Grupo de Gaitas Mar de Arousa

22:00 – Parque da Xunqueira

Concerto:

Hens

Antonio Hens desenvolve o seu talento co trap. O seu primeiro e ata agora único álbum, chámase Hensito. O disco sitúase entre o background dos temas de pop rock de principios de século e a desenvoltura urbana que domina a última década en todo o mundo. O disco ábrese co tema que lle dá título, un hit autobiográfico cargado de enerxía e actitude.



22:30 – Alameda

Duendeneta

O 12 de agosto de 2012

unha furgoneta vermella aparcaba na Alameda de Vilagarcía. Ninguén sabía que era aquilo porque nunca antes se vira: unha discoteca móbil que daba o pistoletazo de saída ás Festas de San Roque daquel ano. Hoxe, 10 anos despois, esa mesma furgoneta volverá a aparcarse na Alameda de Vilagarcía, e regresará cunha sesión moi especial ao lugar onde todo comezou.




24:00 – Parque da Xunqueira

Concerto:

Xackal

Chega o primeiro concerto de Xackal na súa casa. Finalista dos Premios da Música Martín Códax 2021, as súas cancións son tan capaces de levarnos á pista de baile como de emocionarnos. Moi lonxe de ser unha sesión de DJ., Xackal ofrece un espectáculo con voz en directo, percusións, metais, guitarras, sintetizadores e calquera ferramenta que necesite para elevar a performance e a canción tanto no seu son inconfundible como nos seus ritmos cheos de enerxía.



SÁBADO 13 AGOSTO

12:30 – Rúas da cidade

Pasacalles

Grupo de Gaitas Brisas do Río Ulla

20:30 – Rúas da cidade

Pasacalles

**Asociación Cultural Cantareiras Bulideiras
de Fontecarmoa**

21:00 – Praza da II República

Avance especial Festaclown:

Banda de Música de Vilagarcía e Desconcerto

Os nosos protagonistas chegan tarde ao recital. Coa orquestra a piques de comezar e o público preparado para gozar, vense na obriga de improvisar para saír da situación. A partir deste aloucado punto de partida, o espectáculo vai avanzando e o programa previsto vaise executando con algún que outro atranco cómico.

Tipo espectáculo: cómico-musical. Duración: 60 min.

Dirixido a: público familiar.





21:30 – Parque da Xunqueira

Concerto: **Los Motores**

Tras mais de 30 anos de carreira, con Carlos Del Río á cabeza, Motores decide poñer punto e final á súa carreira. E faino cunha xira nacional presentando "30 años Inmortales".

"Inmortal", "Jarra vacía", "Siempre dices no" e "Jaque mate" son algúns dos temas que integran este disco, sendo neste último onde toma protagonismo a voz do batería, Carlos Rivas. Unha xira de despedida que estará chea de sorpresas.



22:30 – Campo da Festa de Sobradelo

Cine na Rúa

Astérix. El secreto de la poción mágica

Tras sufrir unha caída recollendo visgo, Panorámix decide que chegou a hora de asegurar o futuro do pobo. Acompañado por Astérix e Obélix, emprende a procura dun talentoso druída para transmitirle o secreto da poción máxica.

Xénero: animación,
aventuras, comedia.

Duración: 86 min.

Público: familiar.





23:00 – Parque da Xunqueira

Concerto:

Barón Rojo – El Último Vuelo

Un percorrido por toda a súa extensa traxectoria (mais de 40 anos) e facendo fincapé nos seus álbums máis exitosos Volumen Brutal, Larga Vida del rock and roll e Metamorfosis con temas tan gloriosos como "Siempre estás allí", "El malo", "Resistiré", "Los Rockeros van al infierno". Máis de dúas horas de puro rock.

DOMINGO 14 AGOSTO

11:00 – Barrio de San Roque e rúas da cidade
Pasacalles San Roquiño O Pequeno
Grupo de Gaitas A Nosa Señora da Xunqueira

20:30 – Rúas da cidade
Pasacalles
Grupo de Gaitas Os Xirifeiros

23:00

Parque da Xunqueira
Concerto:
Natalia Lacunza

Despois da participación en Operación Triunfo 2018, onde finalizou en terceira posición, o fenómeno Lacunza crece mentres ela vive con humildade, escoitando o lirismo de James Bay, o ambiente de Ry X, ou a forza de Amy Winehouse e deixándose empapar por influencias de todo tipo. Natalia chega a Vilagarcía para presentarnos "Ten que ser para min", un álbum redondo que encerra o máis íntimo do seu proceso creativo e vital.

LUNS 15 AGOSTO

10:00 – Barrio de San Roque

Pasacalles San Roquiño O Pequeno

Grupo de Gaitas Os Terribles de Arousa

11:30 – Barrio de San Roque

Misa de San Roquiño

Cantada pola Coral Santa Eulalia

12:30 – Barrio de San Roque

Procesión San Roquiño

Acompañada da Banda de Música e Os Terribles de Arousa.
Ao final haberá reparto de viño e empanada.

12:30 – Rúas da cidade

Pasacalles

Grupo de Gaitas Mocidade da Torre

20:30 – Rúas da cidade


Pasacalles

Grupo de Gaitas Os Trasnós de Guillán

20:30 – Parque da Xunqueira

Uxía Lambona e a Banda Molona

Esta banda musical infantil ten como obxectivo facer cantar e bailar "coma toliñ@s" a todos os nenos e nenas, achegándolles a música tradicional galega dun xeito atractivo para eles, alternando estilos musicais, letras e temas propios, sempre en galego.



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22



22:30 – Barrio de San Roque

Verbena Popular
Los Tres Latinos

23:00 – Parque da Xunqueira

Concerto:
Joel Padín

A nova promesa da música folk galega. Os seus inicios na música tradicional remóntanse ao ano 2011, onde comezou a cantar e tocar a pandeireta nunha asociación do seu pobo (Mar de Arousa).

En 2018, preséntase ao concurso da TVG, Pequenos Fenómenos, no que queda en primeiro lugar, cantando só música tradicional. En 2021 saíu á luz "Aughas Mortas", o seu primeiro traballo no que recolle pezas tradicionais puras e adaptacións das mesmas para darlle un aire máis xuvenil.



A large crowd of people is shown celebrating, with water being poured over them from above. The water is captured in mid-air, creating a dynamic and festive atmosphere. People are smiling and reaching out, some holding blue bowls. The scene is crowded and energetic.

MARTES 16 AGOSTO

11:45 - Praza de España

Traslado de San Roque

Dende a Igrexa parroquial (Praza de España)
á Capela de San Roque.

12:00 - Zona húmida

Festa da Auga

Logo do pregón, nunha grúa e caldeiro
na man, comeza a multitudinaria
Festa da Auga!

FESTA DA AUGA SEGURA
PUNTO LILA

---CASETA INFORMATIVA---
EXPLANADA DO AUDITORIO

NOITE DO 15 AO 16 DE AGOSTO
DAS 00.00 ÁS 8.00 HORAS

20:30 – Rúas da cidade

Procesión de San Roque

Saída da Capela de San Roque e continuación pola rúa San Roque, a praza da Independencia, a rúa Padre Feijoo, a rúa Edelmiro Trillo, para rematar na Igrexa, na Praza de España.

21:00 – Rúas da cidade

Pasacalles

Grupo de Gaitas Os Terribles de Arousa

23:00 – Parque da Xunqueira

Noite de Zarzuela

Coro Liceo de Vilagarcía e a Banda de Cámara Arousa. Unha selección dos fragmentos máis coñecidos da zarzuela española.

Solistas: Tamara Casás (soprano); María Domínguez (soprano); José L. Prado (tenor); Julio Cores (Barítono).

Directora Coro: María Domínguez.

Arranxos e dirección musical: Santiago Fontes.

Coordinación xeral técnica: José Álvarez.



MÉRCORES 17 AGOSTO

11:00 – Praza de Galicia

Festacdown – Social

Inauguración Festacdown 2022

Arranca Festacdown 2022 dando a benvida ao público nun acto que mestura todos os elementos do festival: o circo, as acrobacias, o clown, o humor e o compromiso social.

Compañías: Pallasos en Rebeldía, Teatro Clámide e Desastro-nauts.





12:30 – Praza Ravella
Festac clown
Superroquiños
Malabaridades

A Fran Boza ningunha técnica do circo clásico e os malabares se lle resiste, e amósanolo neste espectáculo que mestura as rutinas de circo coa dose precisa de humor.

Compañía: Fran Boza.
Tipo espectáculo: circo.
Duración: 50 minutos.
Dirixido a: maiores de 3 anos.



19:30 – Praza de Galicia
Certame-Festac clown
Somos Circo

Raquel Veganzones e Girisho Gordon estudaron en The Circus Space, en Londres. A súa traxectoria está marcada polas impresionantes acrobacias en medio mundo: Girisho Gordon chegou a participar no espectáculo de apertura das Olimpíadas Asiáticas en Qatar e Raquel Veganzones levou o seu trapecio ata o Caribe e a India.

Compañía: Desastronauts. Tipo espectáculo: circo. Duración: 50 minutos. Dirixido a: todos os públicos



20:30 – Rúas da cidade

Pasacalles

Grupo de Gaitas Santa Plácida de Rubiáns

21:00 – Praza da II República

Mostra-Festac clown

Entre Nous

Un espectáculo de encontro, de compañía, de sosterse, de nostalxia, de humor, de música en vivo e de acrobacias vertixinosas. Unha chamada a gritar e rirse ante a necesidade de mirarse e compartir este momento xuntos desde o primeiro ata o último minuto.

Compañía: Entre Nous (Colectivo Internacional de Circo – Francia- Canadá-Argentina). Tipo espectáculo: acrobacias. Duración: 40 minutos. Dirixido a: + de 3 anos.

21:30 – Parque da Xunqueira

Concerto:

Grupo de Acordeóns e Voces arosa bay



22:30 – Praia de Bamio

Cine na Rúa

Tom y Jerry

Na película de Tim Narrativa, a chegada do rato obriga á desesperada organizadora do evento da voda do século a contratar a Tom para desfacerse del. A batalla entre o gato e o rato ameaza con destruír a súa carreira, a voda e poida que todo o hotel. Pero pouco despois xorde un problema aínda maior, pois un membro do persoal diabólicamente ambicioso conspira contra os tres.

Xénero: animación, comedia, aventuras. Duración: 101 min.

Público: Familiar.



23:00 – Parque da Xunqueira

Concerto:

Los del Pirata Cojo

TRIBUTO A SABINA

Banda de oito compoñentes que se unen para facer música-tributo a Joaquín Sabina. Como lles resultou imposible escoller un repertorio, xa que as cancións de Sabina non llo permitían, decidiron facelas todas: as do principio, as de agora, as máis rockeiras, as máis lentas, as bailables e as saltables.



XOVES 18 AGOSTO

11:00 – Residencia Divina Pastora

Festac clown – Social

Os contos da barriga verde

Espectáculo da compañía Fran Rei, dirixido aos usuarios da Residencia.

11:00 – Praza da II República

Festac clown – Social

Lúa triangular

Espectáculo de contacontos musical onde a nena Marta coñece á píntega Oli e xuntas viaxan ao Mundo dos Contos, onde vivirán un montón de aventuras e transformarán o mundo nun lugar mellor, cheo de diversidade e máis xusto.

Compañía: Jara Ortiz. Tipo espectáculo: narración e música.

Duración: 45 min. Dirixido a: maiores de 3 anos.

12:30 – Praza Ravella

Festac clown – Superroquiños

A Viaxe de Nikita

Espectáculo de circo a pe de rúa que mestura o clown, a acrobacia aérea, os números de lume, os malabares, a percusión, a danza africana e a participación directa do público.

Compañía: Monikiña.

Tipo espectáculo: clown e circo. Duración: 45 min.

Dirixido a: todos os públicos.





19:30 – Praza de Galicia

Certame-Festaclown

Nudo

E quen son elas? Tres desatanudos. Tres mulleres que a través do humor, a interpretación e as técnicas circenses (aéreas e de chan) transitarán mundos diferentes para facer que o público viva unha experiencia 'celestial'.

Compañía: Rojo Telón. Tipo espectáculo: acrobacias aéreas e clown. Duración: 45 min. Dirixido a: maiores de 4 anos.

20:30 – Rúas da cidade

Pasacalles

Grupo de Gaitas Airiños do Carril

21:00 – Praza da II República

Mostra-Festaclown

Volando Vengo

Catro trapecionistas, unha barra e unha estrutura de trapezio volante. Só hai que conseguir axustalo para poder conquistar o aire coas súas acrobacias, non sen algunha caída inesperada... 40 minutos de espectaculares voos en clave de humor.

Compañía: Kanbahiota. Tipo espectáculo: circo e acrobacias. Duración: 40 min. Dirixido a: todos os públicos.



21:30 – Parque da Xunqueira

Concerto:
A Xaiba

Unha orquestra musical composta por 6 músicos, fundamentada nas voces con instrumentalización variada: corda, percusión e baixo, e dous acordeóns. Busca promover e fomentar a actividade cultural relacionada coa música e o canto naqueles sitios onde é doado desenvolve-la, así coma nos cantos de taberna. Interpretan dende música folk e tradicional galega ata a canción romántica (boleros), cantigas asimiladas ó fado, rancheiras, habaneras...

22:00 – Alameda

Concerto:
Señora DJ

O proxecto de Raquel R. Soto cobra vida no 2016 coa primeira edición do Festivala en Vilagarcía de Arousa. O seu estilo é bastante eclético, pero inclínase especialmente cara ao indie-disco-pop.



23:00 – Parque da Xunqueira

Concerto: Elíades Ochoa

Un dos soneros máis importantes de todos os tempos, notable defensor da música tradicional cubana e o mellor guitarrista da súa xeneración.

É unha das estrelas do histórico álbum "Buena Vista Social Club", co que ganou o seu primeiro Grammy, do que agora celébranse 25 anos, coa súa memorable interpretación de "Chan Chan" o "el Cuarto de Tula", pero tamén colaborou con iconos da música internacional como Manu Dibango, Charlie Musselwhite, Ry Cooder ou Toumani Diabate, entre outros e foi reivindicado por músicos nacionais como Bunbury, ou máis recentemente C. Tangana.



VENRES 19 AGOSTO

11:00 – Praza da II República **Festaclown – Social Sen Guerras**

Exercicio final do obradoiro de teatro, dinamizado por Fran Rei cos usuarios da Asociación Con Eles. Este ano, de novo coa axuda de Clámide Teatro. Nesta ocasión, o espectáculo virará en torno á guerra en clave de humor.

Compañía: Asociación Con Eles e Teatro Clámide. Tipo espectáculo: clown. Duración: 25 min. Dirixido a: todos os públicos.



12:30 – Praza Ravella **Festaclown – Superroquiños Smile**

Unha actriz, unha viaxe e un campamento... de persoas refuxiadas. Ela ten que actuar para as crianzas que viven alí pero parece que todo está na súa contra. Será quen de conseguilo?

Compañía: D. Carmela. Tipo espectáculo: clown e teatro xestual. Duración: 45 min. Dirixido a: + 6 anos.

19:30 – Praza de Galicia **Certame-Festaclown Historias dun Baúl**

Pelotas de malabares, aros hula hoops, un baúl onde numerosas acrobacias e un número participativo constitúen as escenas deste orixinal espectáculo!.

Compañía: Trotamundos.

Tipo espectáculo: circo e portes.

Duración: 50 min. Dirixido a todos os públicos.





20:30 – Rúas da cidade

Pasacalles

Grupo de Gaitas Malveiras

21:00 – Praza da II República

Mostra-Festaclown

Karpaty

Todo comeza en Karpaty Cirque,
un vello e prestixioso circo
ruso. Tras
anos de éxito,
estalan guerras,
epidemias, falta de amor...

Os supervivientes do circo emprenden unha longa viaxe na procura dun lugar onde poder realizar o seu soño: volver mostrar a súa arte ao público. Serán capaces de lembrar como era o espectáculo? De como funcionaba?

Compañía: La Troupé Malabó. Tipo espectáculo: circo.

Duración: 60 minutos. Dirixido a: todos os públicos.

22:30 – Xardíns de Ravella


Cine na Rúa

Live is life. La Gran Aventura.

Unha aventura que fará medrar a Rodri e os seus amigos a través dun fascinante camiño en busca da flor máxica que transforma os desexos en realidade. Un percorrido cheo de acción, emoción e esperanza, e que lles deixará na lembranza para sempre aquel verán no que de fondo soaba Live is Life.

Xénero: aventuras, amizade, adolescencia. Duración: 109 min.

Público: maiores de 12 anos.



22:30 – Avda. da Mariña
Verbena Popular
Orquestra New York

23:00 – Parque da Xunqueira
Concerto:
M Clan

M Clan, convertida en referente para moitos, é considerada como unha das mellores bandas de rock que existiron en España nos últimos anos. Desde os seus inicios, quedou clara a paixón polo rock sureño, moi presente nos seus dous primeiros traballos "Un Buen Momento" e "Coliseum". Con todo, o seu estilo foi evolucionando ao longo dos anos, ata fusionar á perfección o blues co soul, o rythm & blues, e o hard rock máis setenteiro.



SÁBADO 20 AGOSTO

11:00 – Praza da II República

Festaclown – Social Contos pola paz

Compañía: Anxo Moure.

Tipo espectáculo: narración oral.

Duración: 50 min. Dirixido a: todos os públicos.

11:00 – Praza de Ravella

XVI Capítulo da Confraría do Viño Rías Baixas

Desfile cívico de Confrades

Vinicogastronómicos

dende o Concello ata o Salón García.

11:15 – Salón García

Acto de nomeamento.

Gran acto de nomeamento de

Confrades e irmandamento de confrarías.

12:30 – Rúas da cidade

Pasacalles

Grupo de Gaitas Lumarada de Cornazo

12:30 – Praza Ravella

Festaclown – Superroquiños O Show de Fifo

Espectáculo infantil con interacción co todo o público, tanto maiores como pequerrechos.

Música, bailes, gags cómicos e moito máis!

Compañía: Troula. Tipo espectáculo: clown.

Duración: 50 min. Dirixido a: todos os públicos.

19:30 – Praza de Galicia

Certame-Festaclown Vertical Boom

Os límites da tolemia traspásanse para reconectarnos co neno que levamos dentro.

Unha posta en escena contemporánea e unha performance acrobática espectacular.

Compañía: Cia Vaya. Tipo espectáculo: acrobacias e clown

Duración: 45 min. Dirixido a: todos os públicos.



20:00 – Casa da Cultura de Bamio

Circuito de Teatro: 40 anos + 1 de Clámide.

Obras de teatro: O Traxe milagreiro. A Doncela de Orleáns e Lois o sorrisos.

+ info: <https://www.clamide.com>

20:30 – Rúas da cidade

Pasacalles

Agrupación Folclórica Froallo

21:00 – Praza da II República

Mostra-Festaclown

Carman

Un divertido espectáculo no que un coche icónico cobra vida e termina por moverse sen condutor nunha rutina musical e circense que pode levarlles ata Eurovisión.

Compañía: Javier Ariza. Tipo espectáculo: comedia. Duración: 50 min. Dirixido a: maiores de 6 de anos.

22:30 – Avda. da Mariña

Orquestra La Ola ADN





24:00 – Praias da Concha – Compostela

Combate Naval Espectáculo Pirotécnico

O combate naval rememora desde 1866 o famoso asedio da flota española dirixida por Méndez Núñez contra o porto peruano de Callao o 2 de maio dese mesmo ano. Todo un clásico das Festas de San Roque.



DOMINGO
21 AGOSTO

11:00 – Praza Ravella

Festacrown
Superroquiños

O Museo encantado

Unha increíble instalación de maxia e humor con obxectos tan orixinais como un confesionario, unha cabina de teléfonos, un fotomatón ou unha caseta de feira na que se van sucedendo humor e maxia a partes iguais. Un novo concepto de espectáculo de rúa onde o público pode sentir e ver a maxia máis preto que nunca.

Compañía: Dani García. Tipo espectáculo: maxia. Duración: 180 min. Dirixido a: público familiar.

12:30 – Rúas da cidade

Pasacalles
Grupo de Gaitas Treboada de Guillán.

19:30 – Praza de Galicia

Mostra-Festacrown
Gala contra as guerras

Acto de peche no que participarán algunhas das compañías máis destacadas da presente edición xunto con outras ligadas ao festival ao longo dos últimos anos. Unha gala con circo, humor, clown, acrobacias con compañías como Circo Chosco, Cía Vaya, Con Eles e moitas máis sorpresas. Pallasos en Rebeldía pon o broche de ouro ao festival artellando unha actuación contra as guerras do capital e a ocupación.

Compañía: Pallasos en Rebeldía. Tipo espectáculo: multidisciplinar. Duración: 80 min. Dirixido a: todos os públicos.



21:30 – Rúas da cidade
Desfile de Carrozas

Música, folclore e animación de rúa acompañan ao desfile que pecha as festas. O percorrido comeza na Estación de autobuses e continúa pola rúa Moreira Casal, a avda. Juan Carlos I, a rúa Gumersindo Nartallo, a praza da Independencia, a rúa Edelmiro Trillo e remata na Praza de España.

MARTES 23 AGOSTO



22:30 – Campo da festa de Castrogudín
Cine na Rúa
Explota, explota

Conta a historia de María (García-Jonsson), unha bailarina con ansias de liberdade no anos 70. Con ela descubriremos como ata o soño máis difícil pode facerse realidade. E todo iso contado a través dos grandes éxitos de Raffaella Carrà. Xénero: musical, comedia romántica. Duración: 116 min. Público: todos os públicos.



SÁBADO 27 AGOSTO

20:00 – Casa da Cultura de Fontecarmoa
Circuíto de Teatro: 40 anos + 1 de Clámide.
Obras de Teatro:
Tras os barrotes. Mártir e O Paraíso
+ info: <https://www.clamide.com>



22:30 – Explanada do C. S. de Guillán
Cine na Rúa
La Oveja Shaun, la película:
Granjaguedón

Unhas estrañas luces planean sobre o ceo do tranquilo Mossingham anunciando a chegada de visitantes dunha afastada galaxia, pero na granxa Mossy Bottom a ovella Shaun e o resto do rabaño seguen facendo das súas mentras chegan os problemas...

Xénero: animación, comedia.
Duración: 86 min.
Público: todos os públicos.



DOMINGO 28 AGOSTO

11:00 a 23:00 – Parque E. Valdés Bermejo

Folk no Alore

Xestiona: Pés de Barro

Organiza: Concello de Vilagarcía de Arousa



■ 11:00 Visita guiada da man de Xurxo Souto.

A ruta comeza na Praza da Independencia e chega ao Pazo de Vista Alegre. Continúa polo Castro e remata no Parque V. Bermejo, importante histórica e medioambientalmente.

■ 13:00 Sesión vermú con "Barullo".


Espectáculo infantil de clown que aborda a cultura e a música tradicional a través dos seus instrumentos. Nesta aventura, Nelson Quinteiro convértese no Señor Patajullo, unha divertida personaxe moi barulleira.

■ 14:00 Xantar demorado – Trae a túa comida.

O espazo contara con mesas e cadeiras que pon a organización e estará amenizado por grupos tradicionais.

■ 16:00 Obradoiro de Iniciación ao Baile Tradicional con Luis Prego.

Cun carácter principalmente práctico, está destinado a que as e os participantes coñezan os pasos básicos do baile tradicional galego.





18:00 GRUPO TRADICIONAL OS DEMOS DA PETACA

Os Demos da Petaca levan máis de vinte anos traballando, recollendo e interpretando música tradicional galega, tentando achegar na súas actuacións o xeito máis tradicional e respectuoso coa nosa cultura.



18:45 MIGUEL CADAVIECO

O coñecido rabelista cántabro recalara en Vilagarcía de Arousa para interpretar os seus "Romances y cantares al son del rabel", un concerto onde a música combínase coa improvisación, o humor e a interacción co público.



20:00 CAAMAÑO & AMEIXEIRAS

Dúo ligado á música e ao baile de raíz. Formado por Sabela Caamaño (acordeón cromático) e Antía Ameixeiras (violín e voz) en 2018, este dúo acumula, na súa curta pero intensa traxectoria, un gran número de concertos, tanto dentro da xeografía galega, o seu lugar de orixe, como fóra dela e no ámbito internacional.



21:30 MAGHÚA

Grupo de mozos afincados na Coruña interesados en recuperar e transmitir unha pequena porción da tradición do País. Comezan a súa andadura en 2006 como grupo de cantareiros, unicamente de voz e pandeireta.



DO LUNS 29 AO MÉRCORES 31 AGOSTO

18:00 – 00:00 – Praza da II República

Gira Nintendo Switch Sports

"Levántate y Juega"

Evento itinerante no que habilitamos un espazo que permite probar o novo xogo Nintendo Switch Sports coa revolucionaria consola Nintendo Switch. Este xogo loita contra o sedentarismo, xa que se xoga de forma real a seis deportes moi divertidos: tennis, voleibol, badminton, fútbol, chambara e birlos.

Actividade dirixida a familias, nenos e todo o público interesado neste tipo de entretemento, sendo gratuíto para todos os asistentes.

MARTES 30 AGOSTO



22:30 – Parque da Coca

Cine na Rúa

Pinocho

Adaptación da clásica historia do boneco de madeira chamado Pinocho, que desexa ser un neno de carne e óso.

Xénero: aventuras, contos. Duración: 125 min.

Público: + de 7 anos.





SÁBADO 3 SETEMBRO

20:00 – Casa da Cultura de Rubiáns

Circuito de Teatro: 40 anos + 1 de Clámide.

**Obra de teatro: María Estuardo,
Prometeo e Calígula.**

+ info: <https://www.clamide.com>



22:30 – Campo
da Festa de Rubiáns



Cine na Rúa

Un Monstruo en París

París, 1910. Raúl, inventor, e o seu amigo, Emilio, converten nun experimento un insecto nun monstro xigante, que foxe polos tellados. Na cidade salta a alarma e todos se alían para tentar capturalo. Lucille, coa axuda de Raúl e Emilio, protexerán a este novo ser que, en realidade, é un bicho moi simpático... e cun especial talento para a música!.

Xénero: comedia musical. Duración: 82 min. Público: Familiar.

SÁBADO 17 SETEMBRO

20:00 – Casa da Cultura de Guillán

Circuito de Teatro: 40 anos + 1 de Clámide.

**Obras de teatro: Compra a destempo. Tempos
férreos e en Tempos da Pepa.**

+info: <https://www.clamide.com>.



FESTIVALA

Mulleres creando

DO 20 DE AGOSTO AO 5 DE SETEMBRO

Praza de Galicia

Exposición "Festivala: Saúde Mental"

Inauguración: 20 de agosto ás 12:30 h.

Organiza: O Soño de Lilith

VENRES 26 AGOSTO

22:30 - Praza da II República

Concertos: KDJ, La Yaya DJ e Señora DJ

SÁBADO 27 AGOSTO

Praza da II República

12:30 - Concerto: A Banda da Loba

20:30 - Concerto: De Vacas; Kumbia Queens e Sofía DJ.

SÁBADO 3 SETEMBRO

11:00 - Sala de Conferencias do Auditorio

Obradoiro "A Saúde Mental, nas diferentes etapas da Muller",

Coa intervención das psicólogas Ánxela Abelenda Pose, Merche Calo Suárez e Sandra M. Fernández Román, da Asociación Mullerem.

MÉRCORES 7 SETEMBRO

21:00 - Salón García

Cine Club Festivala

O SOÑO DE
 **LILITH**



AMEIXA ROCK!

X ANIVERSARIO

29 AGOSTO – 5 SETEMBRO

Gato Negro – O Carril

Exposición 10 Anos de Rock

VENRES 2 SETEMBRO

11:00 – Praia do Carril

Talleres de Marisqueo

Con reserva previa en: 659 79 52 67 / 626 24 97 25.

13:30 – Alameda

Sesión Vermú

22:30 – Alameda

Entroido Rock coa Duendeneta

SÁBADO 3 SETEMBRO

12:00 – Saída dende o porto

Visita guiada a Illa de Cortegada

Con reserva previa*

13:30 – Alameda

Sesión Vermú

17:00 – Saída dende o porto

Visita guiada a Illa de Cortegada

Con reserva previa*

18:00 – Rúas do Carril

Pasacalles Culturactiva

21:30 – Alameda

Concertos

Consultar web <https://ameixarockcarril.wixsite.com/website>

* Reservas para as visitas a Cortegada

Tlf.- 986 565604

Web.- <https://corticata.com/contacto-corticata>

Web Ameixa Rock 2022

+ info: <https://ameixarockcarril.wixsite.com/website>



REVENIDAS 2022

VILAXOÁN DE AROUSA

DO 7 AO 11 SETEMBRO

MÉRCORES 7

Apertura de portas ás 20:00 h.

Boyanka Kostova "o gran espectáculo" e Amigxs

XOVES 8

Apertura de portas ás 18:00 h.

La Pegatina, Gatibu, Laura Lamontagne e Pico Amperio, Ketekalles, Boikot, Suu, La Duendeneta.

VENRES 9

Apertura de portas ás 17:30 h.

Sfdk, Lendakaris Muertos, Talco, Sondarúa, Moscow Death Brigade, Bratzantifa, La Duendeneta.

SÁBADO 10

Apertura de portas ás 12:00 h.

Tanxugueiras, Zoo, Baiuca, Dubioza Zolectiv, Ladilla Rusa, A Banda da Loba, Dakidarría, La Duendeneta.

Saída do Porto de Vilaxoán (Horas: 13:00, 15:00 e 17:00)

Concertos a bordo (só 12 plazas).

DOMINGO 11

Sardiñada popular Revenidas

Teatro / Gala de Circo / Concertos sorpresa

+ info: <https://www.revenidas.com/>

EXPOSICIÓNS

DO 12 AO 31 DE XULLO

Sala de Exposicións Antón Rivas Briones

Error! Design: 20 Years of Music Artwork

Xavi Forné (<https://error-design.com/studio/>)

DO 5 DE AGOSTO AO 10 DE SETEMBRO

Sala de Exposicións Antón Rivas Briones

Aquí non chega!

A HISTORIA DA FESTA DA AUGA E AS SÚAS CAMISETAS

Foto: Juan C. Roma | 1994

DO 6 AO 31 DE AGOSTO

Sala de Exposicións do Auditorio Municipal

Perspectivas da arte galega-portuguesa

GALEOSKA

TORNEOS DEPORTIVOS DE VERÁN

VENRES 29 XULLO

19:00h – Rúa Castelao

Torneo Castelao de xadrez nocturno

Organiza: Club Xadrez Fontecarmoa e a Fundación de Deportes

SÁBADO 30 XULLO

21:00 h – Avenida da Mariña [Saída e meta]

XVIII Carreira Nocturna Concello Vilagarcía

Circuito: Avenida da Mariña, Rivero de Aguilar, Valle Inclán, Alexandre Boveda, Valle Inclán, Rivero de Aguilar, Elpidio Villaverde e Avenida da Mariña.

Organiza: Fundación de Deportes

VENRES 26 AGOSTO

19:00 h – Centro Comercial Arousa

I Torneo Centro Comercial Arousa de xadrez nocturno

Organiza: Club Xadrez Fontecarmoa

VENRES 3 – SÁBADO 4 SETEMBRO

Pavillón nº1 do C.D.M. de Fontecarmoa

25 Aniversario Vilagarcía Basket Cup Helena Mariño

Organiza: Club Baloncesto Vilagarcía
Colabora: Fundación de Deportes

SÁBADO 24 SETEMBRO

Praza da Peixería

XXVIII Memorial Adolfo Pedrido de xadrez

Organiza: Club Xadrez Fontecarmoa
Colabora: Fundación de Deportes

DOMINGO 25 SETEMBRO

10:00 h – Vilaxoán

V Triatlón Concello de Vilagarcía

Organiza: Fundación de Deportes

PROGRAMAS DEPORTIVOS AGOSTO

Programa Activo MAIORmente:

Para persoas maiores de 65 anos. Ofrece servizos deportivos como ximnasia funcional, unha prescrición de exercicio físico de maneira individual, así como o seu control e asesoramento, e actividades extraordinarias ao aire libre.

Inscrición: sede.vilagarcia.gal.

Prezo: 18,00€.

Hora: 9:00-9:45 / 10:00-10:45/ 11:00-11:45 (martes e xoves).

Lugar: Pavillón Municipal Castela.

Actividades de Movemento Intelixente en Familia:

Actividades gratuítas dirixidas a todos os membros da familia.

Acceso libre.

Horario: 9:00-9:45 / 10:00-10:45 (luns e mércores).

Lugar: Recinto Fexdega e Pavillón Municipal Castela.

Vacacións multideportivas:

Programa lúdico deportivo dirixido a rapaces de 7 a 14 anos.

Inscrición: sede.vilagarcia.gal.

Prezo: 12,00€ mes.

Hora: de 10:00 a 13:00 (de luns a venres).

Lugar: Recinto Fexdega.

Escolas de navegación:

Para nados entre o 2006 e 2013 que saiban nadar.

Inscrición: sede.vilagarcia.gal.

Prezo: 12,00€.

ESCOLA DE PIRAGÜISMO: 30 prazas. Ata o 31 de agosto.

Peirao Deportivo.

ESCOLA DE REMO: 30 prazas. Ata o 31 de agosto.

Praia Preguntoiro.



ACTIVIDADES DEPORTIVAS DOS CLUBS

Escola de Verán San Martín

Hora: de 9:00 a 14:00 (luns a venres)

Lugar: Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoan

Organiza: San Martín Club de Fútbol

Colabora: Fundación de Deportes

Escola de fútbol de Verán

Datas: de 9:00 a 14:00 h. (de luns a venres)

Lugar: Club Fútbol Municipal A Pelada

Organiza: Escola Deportiva Arousa

Colabora: Fundación de Deportes

Escola de baloncesto de Verán

Datas: de 9:30 a 13:30 h. (luns, mércores e venres)

Lugar: Pabellón Municipal Castela

Organiza: Club Baloncesto Vilagarcía

Colabora: Fundación de Deportes

Escola de Atletismo de Verán

Datas: do 18 de xullo a 12 de agosto (luns, martes, xoves e venres de 9:30 a 13:00 h.)

Lugar: Estadio Municipal de Atletismo

Organiza: Agrupación Atlética Mazi

Colabora: Fundación de Deportes

Campus de fútbol de Verán

Datas: do 18 de xullo ao 12 de agosto

Lugar: Campo Fútbol Municipal Manuel Jiménez

Organiza: Arosa S.C.

Colabora: Fundación de Deportes

Xornadas de Tecnificación de Verán

Datas: do 11 de xullo ao 15 de agosto de 9:00 a 13:30 h.

Lugar: Complexo Deportivo de Fontecarmoa e Recinto de Fexdega

Organiza: Basket Base Club

Colabora: Fundación de Deportes



FESTA DA AUGA

CONSELLOS DE SEGURIDADE

Procure lebrar calzado cómodo e pechado que evite deslizamentos na rúa así como roupa cómoda e pouca pesada.

Evite levar consigo teléfonos móbiles e cartos en formato billete porque pode perdelos co impacto da auga.

Lembre que pasos de peóns e pavimentos pintados son zonas nas que é doado esvarar ao estar molladas.

Rexeite utilizar recipientes de cristal ou similar, xa que poden escachar no chan e dar lugar a cortes.

Non colla auga acumulada do chan, posto que pode levar areas ou outros líquidos que poidan mancar os ollos.

Respecte a "zona húmida".

En caso de accidente, diríxase a calquera dos postos de atención e socorrismo situados na área festiva, ou chame ao número

EMERXENCIAS: 112

Grazas pola súa colaboración.

Lembren que a Festa da Auga comeza unha vez que o Santo está dentro da capela. Por favor, respecten a subida en procesión e non tiren auga no percorrido.



Concello de
**Vilagarcía
de Arousa**

www.visitvilagarcia.com

